

Plan de Calidade

(Aprobado polo Consello de Goberno
o 29 de setembro do 2004)



Índice

Introdución

Docencia

A mellora da docencia
Descrición

Investigación

A mellora da investigación
Descrición

Servizos

A mellora dos servizos
Descrición

Coordinación e seguimento do plan

Abreviaturas usadas

INTRODUCCIÓN

En 1983 o Parlamento español regulou o réxime de autonomía universitaria, establecido na Constitución de 1978, por medio da aprobación da Lei de reforma universitaria (do 25 de agosto de 1983). Van, xa que logo, vinte anos de traxectoria das universidades no cadro do Estado democrático, e, en boa medida, ese período pódese cualificar como un tempo na procura da calidade por parte das comunidades universitarias, aínda que ao mesmo tempo mereza o cualificativo de anos de entolecida dinámica de crecemento. Cómpre salientar que dende 1983 ata 1999 case se triplicou o alumnado, e que as universidades responderon con axilidade e espírito de servizo a esa brutal expansión da demanda. Pero, tamén, nos últimos vinte anos as universidades españolas e galegas pasaron de ser institucións practicamente marxinais no eido investigador a converterse en centro do sistema de innovación do país, producen así boa parte dos seus resultados de investigación e desenvolvemento.

No entanto, as universidades melloraron a súa dotación de profesorado, a súa capacidade de xestión, as súas infraestruturas, os seus procedementos internos de toma de decisións e todo ese esforzo foi posible por un convencemento realmente sentido polos universitarios de que a comunidade científica do noso país tiña inescusablemente que responder a un reto que consistía, esencialmente, en poñerse ao nivel de competencia das comunidades científicas dos países máis desenvolvidos do noso contorno. Ese foi un esforzo a prol da calidade, e en boa medida resultou exitoso.

Sen embargo parece que é agora, cando as demandas sociais sobre oferta de estudos decaen en termos cuantitativos, cando o discurso da calidade semella introducirse na cuestión universitaria. Esta introdución ten que ver moito co funcionamento da lóxica do mercado, que se quere asentarse como paradigma

de calquera modelo de provisión de servizos ou de produtos...; e as universidades, a nosa Universidade en concreto, ten que dar cumprida resposta ás novas demandas que as novas realidades sociais impoñen, pero non tanto porque un cataclismo ou un novo discurso irrompa nas nosas consciencias e modifique o noso pensamento e a nosa acción, senón só porque a nova conciencia social arredor da calidade non é máis que un estímulo para anovar aquel reto que as universidades vimos afrontando desde que a nova democracia española nos concedeu a autonomía esencial para o noso funcionamento: a modernización na procura da excelencia.

Estamos ante a grande oportunidade para desenvolver o lema da USC "coñecemento ao servizo da sociedade", ou, o que é o mesmo, xerar valor e valores para a sociedade desde o coñecemento. O Plan Estratégico establece como misión da USC: *ser unha universidade completa e emprendedora con campus de crecemento equilibrado para dar respostas ás demandas da sociedade a través de servizos de calidade.* Cómpre pois, nesta universidade bicampus e emprendedora, garantir a máxima calidade na docencia, na investigación e nos servizos, e, para isto, é necesario avaliar a situación actual e transformar as estruturas e sistemas de xestión facilitando o liderado e a responsabilidade individual e colectiva, facendo compatible autonomía e responsabilidade con rendición de contas á sociedade.

Así, é urxente abordar sistemas de mellora da nosa oferta académica, incorporando novos estudos e adecuando os existentes ás novas circunstancias; desenvolver mecanismos de atención máis directa ao estudantado; incorporar a ética da sostibilidade a toda a nosa actividade; introducir as novas tecnoloxías como factor de actualización e desenvolvemento da nosa función de produtores e transmisores de coñecemento; abrir as nosas institucións ao contexto internacional, por unha banda participando na procura dun real "espazo universitario europeo", complemento esencial do proxecto político, social e económico de integración do continente, e por outra colaborando activamente no afianzamento dun espazo universitario

iberoamericano, obxectivos para os que a USC fará valer especificamente o seu carácter bilingüe, galego-castelán, unha riqueza que sen dúbida é un valor engadido no camiño da súa proxección internacional.

Todo ese apaixonante traballo debe ser acometido con entusiasmo pola nosa Universidade, con accións rigorosas no seu interior e con compromisos diante da sociedade que nos dá soporte e cos usuarios dos nosos servizos docentes e investigadores. Pero tal esforzo universitario debe ser compartido polos poderes públicos que teñen a responsabilidade de financiar e ordenar as políticas de ensino e investigación. Sería un erro e unha grande ocasión perdida para todos non acompañar o novo tempo reclamado ás universidades cun novo compromiso polo coñecemento e a innovación, que as dote de recursos e os asigne en función de obxectivos pactados entre a academia e as institucións que a tutelan e financian. É imprescindible implantar novos modelos de xestión máis abertos e flexibles, que permitan xestionar o talento, abrir espazos para novas competencias profesionais e aproveitar as posibilidades que ofrece a tecnoloxía para a optimización dos procesos universitarios.

O esforzo de planificación iniciado na USC coa elaboración do seu Plan Estratéxico continuou coa aprobación do Plan de Normalización Lingüística, do Plan de Desenvolvemento Sostible e do Plan de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, que vertebran e definen accións a emprender para acadar os obxectivos de mellora da docencia, da investigación e dos servizos definidos no Plan Estratéxico. Na elaboración do Plan de Calidade que agora se presenta, a Comisión de Calidade e Planificación Estratéxica percibiu a transcendencia das accións recollidas nos devanditos plans para o desenvolvemento deste, acordando, para evitar duplicidades, non incorporalas de novo aquí.

DOCENCIA

A MELLORA DA DOCENCIA

A docencia é un dos piares básicos sobre os que se asenta a razón de ser da universidade. A pesar disto, durante as dúas últimas décadas fomos testemuñas do desinterese co que foi tratado este ámbito na universidade española. Desgraciadamente, foi un dos efectos non buscados do incremento e apoio da función investigadora, como se ambas as dúas non puidesen ser compatibles no seu desenvolvemento.

A USC, e a universidade española en xeral, quere devolver o seu protagonismo a esta función, querelle vovler dar á docencia o lugar que merece ocupar na institución, e non en detrimento de ningunha outra función, senón polo propio valor que ten en si mesma. A USC quere ser unha universidade onde tanto a investigación como a docencia sexan piares básicos e sólidos sobre os que seguir crescendo, quere ser unha universidade punteira en avances e desenvolvemento científico, pero tamén quere ser unha universidade punteira na acollida de estudantes de todo o Estado e doutros países que acudan a ela chamados pola calidade ofertada na súa actividade docente.

Para conseguir este obxectivo, a USC establece as medidas que aquí se expoñen. O Plan de mellora establece varios eixes que engloban a totalidade de campos a traballar e senta as bases do compromiso da USC para falar dunha universidade cun alto nivel de calidade na súa docencia.

DESCRIPCIÓN DO PLAN

O plan para a mellora da calidade da USC no seu apartado docente desenvólvese a través de 6 eixes principais:

Eixe 1: Resaltar o papel da docencia na USC.

A través deste primeiro eixe a USC tratará de establecer mecanismos incentivadores para realzar a importancia da docencia e do seu correcto desenvolvemento.

Eixe 2: Estender a cultura da calidade e da mellora continua.

Este eixe xira arredor da necesidade de dotar a nosa universidade de información clara, real e accesible sobre a situación da calidade docente; desta maneira poderemos emprender accións de mellora naquelas áreas nas que se observen debilidades e afianzar aquelas que amosen máis fortaleza.

Así mesmo, este eixe fomentará a concienciación e a implicación de todos os sectores que teñen parte na acción docente para que o seu traballo conxunto desemboque no logro dunha mellora continua da calidade.

Eixe 3: Asegurar a adecuada converxencia ao *espazo europeo de educación superior*.

A través deste eixe trátase de favorecer a reflexión e a autocrítica para potenciar procesos de cambio vinculados ás esixencias da converxencia europea, buscando a correcta adaptación das metodoloxías docentes e os obxectivos formativos.

Eixe 4: Mellorar a oferta formativa.

Este eixe está intimamente asociado á necesidade de manter unha constante relación co noso contorno social, económico e cultural, de xeito que o traballo docente redunde nunha mellora daquel. Así, buscarase unha conexión real entre as necesidades sociais e laborais e a oferta docente realizada pola USC, de maneira que esa adaptación continua converta á USC nunha institución atractiva para quen chega á universidade.

De cara ao alumnado, procurarase dotalo de mecanismos e recursos que lle permitan unha consecución dos logros curriculares, así como unha exitosa inserción laboral, mediante o fomento das prácticas en empresas e en institucións estranxeiras.

Daráselles, pois, moito peso á docencia práctica e ás relacións con outras institucións de ensino superior internacionais para afrontar os novos retos que traerá consigo unha Europa con cada vez menos barreiras laborais.

Eixe 5: Mellorar a acción docente.

Preténdese establecer unha infraestrutura sólida que sirva de apoio á actividade docente do profesorado, que inclúa servizos de apoio pedagóxico, recursos varios para as diferentes áreas docentes e un programa de formación que facilite a incorporación do profesorado novel ás súas funcións e sirva de mellora continua ao resto do profesorado.

Eixe 6: Fomentar a innovación docente.

Este sexto eixe pretende traballar principalmente en dúas vías:

Por unha banda, no fomento e integración total das tecnoloxías da información e as comunicacións na función docente, dada a cada vez maior importancia que estas están a ter no desenvolvemento social, cultural e económico.

Por outra banda, no traballo enfocado á innovación no campo das prácticas, dado que son un dos elementos importantes á hora de completar os estudos de cara á futura inserción laboral do noso alumnado.

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Resaltar o papel da docencia na USC	A docencia como prioridade	<p>Mellorar a práctica pedagóxica da USC, establecendo mecanismos incentivadores concretos para realzar a importancia da docencia e do seu correcto desenvolvemento.</p> <p>Asegurar o perfeccionamento profesional do profesorado.</p> <p>Recoñecemento da totalidade da actividade docente do profesorado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Fixar incentivos colectivos a áreas e departamentos asentados en criterios e indicadores de calidade da docencia aceptados por todos. ● Establecer condicións e infraestruturas para favorecer a formación e innovación do profesorado en estratexias e procedementos de ensino. ● Impulsar procesos de asesoramento e traballo en equipo entre o profesorado. ● Impulsar a creación de grupos de traballo docentes intra e interdisciplinares, intra e interdepartamentais nas distintas titulacións. ● Ligar co perfeccionamento profesional e un correcto desempeño da acción docente a concesión de complementos docentes. ● Incorporar a totalidade da actividade docente ao encargo docente ordinario. ● Dotar os recursos humanos necesarios para acadar as ratios profesorado/alumnado adecuados aos indicadores de calidade estandarizados a nivel europeo. ● Establecer un programa de licenzas sabáticas para a actualización e o perfeccionamento docente. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Índice de áreas e departamentos que logran os incentivos. □ Nº de actividades ou programas de formación docente ofertados. □ Porcentaxe de profesorado que realizou algunha actividade de formación por curso lectivo. □ Nº de grupos de traballo docente por áreas e titulacións: intra e interdisciplinares, intra e interdepartamentais. □ Normativa de concesión de complementos aprobada. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ Decanatos/ Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e a mellora continua	Información para a calidade	Dispoñer e facilitar información á comunidade universitaria sobre a docencia.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar e manter un sistema de información que permita visualizar a situación da docencia na USC. • Divulgar de xeito sistemático os resultados dos criterios e indicadores de calidade docente no interior da comunidade universitaria. • Informar á sociedade da evolución da calidade docente da USC por titulacións e/ou unidades docentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Informes sobre a calidade docente da USC. Periodicidade destes. ❑ Relación das canles de comunicación empregadas para facer accesible e pública a información relativa á calidade docente da USC. ❑ Relación dos medios de comunicación empregados para difundir publicamente os compromisos e as actuacións dos responsables da calidade docente da USC. ❑ Sistemas de medición da efectividade da comunicación interna e externa da calidade docente da USC. Resultados. 	➤ VRCAPLE
	Dispoñer dunha norma que regule o proceso docente	Revisar e actualizar as normas que regulen o proceso de cumprimento e o da avaliación dos estudantes, así como as normativas e acordos en relación coa calidade docente.	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliar ao inicio de cada curso as normativas e acordos dos distintos órganos da Universidade en relación coa calidade docente, e o seu cumprimento ou melloras conseguidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Normas actualizadas. ❑ Cumprimento das normas. ❑ Acordos establecidos. ❑ Melloras conseguidas. 	➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ CPTF

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e a mellora continua	Sensibilizar e implicar a toda a Universidade no proceso	<p>Impulsar a avaliación institucional, ou procedemento equivalente, de titulacións.</p> <p>Establecer criterios de calidade homoxéneos para as diferentes ofertas formativas da Universidade.</p> <p>Buscar a satisfacción e implicación de todos os membros da comunidade.</p> <p>Ofrecer mecanismos de apoio e aseguramento da calidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar, aprobar e manter un sistema de criterios e indicadores de calidade da docencia. • Establecer medidas para a mellora de resultados académicos. • Realizar unha avaliación sistemática da acción docente. • Incorporar a opinión dos/as ex-alumnos/as e outros/as usuarios/as da USC nos procedementos de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Titulacións avaliadas. ❑ Existencia dun sistema de criterios e indicadores de calidade docente. ❑ Evolución dos resultados académicos por materias, áreas e titulacións. Medidas adoptadas. ❑ Participación do alumnado no proceso de avaliación da docencia. ❑ Grao de satisfacción do estudiantado co ensino recibido / Porcentaxe de estudantes satisfeitos. ❑ Participación no proceso de avaliación docente do profesorado. ❑ Grao de satisfacción do profesorado coa calidade da docencia / Porcentaxe de profesorado satisfeito. ❑ Resultados dos informes de avaliación docente. ❑ Participación no proceso de avaliación de ex alumnos/as e outros/as usuarios/as da USC. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ CPTF ➤ Decanatos / Dirección de centros

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Asegurar a converxencia ao espazo europeo de educación superior	Favorecer a progresiva implantación do espazo universitario europeo na USC	<p>Informar á comunidade universitaria sobre os cambios que supón a integración no espazo europeo de educación superior.</p> <p>Implementar as medidas necesarias para a adaptación dos plans de estudo e da programación docente.</p> <p>Impulsar a adaptación aos novos perfís da función docente.</p> <p>Adaptar as metodoloxías docentes e os obxectivos formativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Realizar seminarios de información ao estudiantado e ao profesorado. ● Difundir a través da web as modificacións propostas. ● Implantar o Suplemento Europeo ao título. ● Integrar progresivamente o ECTS na organización. ● Organizar cursos de información e actualización didáctica para o profesorado. ● Desenvolver os programas de intercambio co exterior. ● Intensificar a formación en linguas estranxeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Nº de seminarios realizados e impacto das actividades de información desenvolvidas. □ Relación de experiencias específicas para a adaptación ao espazo europeo de educación superior: impacto e resultados. □ Valoración do cambio institucional e metodolóxico na concepción do ensino, a aprendizaxe, a xestión e os plans de estudo. □ Nº de convenios e programas establecidos con universidades europeas. □ Índice de participación en programas de formación en linguas estranxeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ CPTF ➤ VERI ➤ Decanatos /Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a oferta formativa	Observatorio da demanda	Obter información sobre necesidades da sociedade e do contexto así como das expectativas dos potenciais usuarios da USC.	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un seguimento da evolución da demanda de estudos universitarios e da capacidade para atendela por parte das demais institucións. Realizar unha avaliación anual da oferta e dos seus contidos en relación coa demanda. Coñecer as necesidades de formación a medio e longo prazo de empresas, institucións e asociacións profesionais e obter información sistemática coa que prever as demandas de novos profesionais no mercado de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Establecemento do observatorio. Nº de análise e estudos realizados. Resultados obtidos. Grao de coherencia entre a oferta formativa da USC e a demanda dos potenciais usuarios e a sociedade en xeral. Relación de canles mediante os que se obtén información das necesidades de formación de empresas, institucións e asociacións profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> VOAP CPTF
	Oferta formativa non presencial da USC	Impulsar o campus virtual da USC.	<ul style="list-style-type: none"> Deseñar unha oferta específica de ensino virtual en pregrao. Deseñar unha oferta específica de ensino virtual en posgraos, formación permanente e divulgación. Dispoñer, en soporte virtual, de servizos de apoio á docencia e ao estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> Relación da oferta formativa de pregrao, cursos de posgrao, formación permanente ou divulgación existentes no campus virtual. Índice de utilización e grao de satisfacción de profesorado e estudiantado. Relación de servizos de apoio á docencia e ao estudo ofertados en soporte virtual. Porcentaxe de profesorado e estudiantado que utiliza estes servizos. Grao de satisfacción con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> VOAP CPTF

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a oferta formativa	Axuste da oferta formativa	<p>Responder ás necesidades e demandas sociais.</p> <p>Promover a vinculación ao sistema produtivo, ás demandas do mercado laboral-profesional, ao desenvolvemento económico e ao desenvolvemento social e humano.</p> <p>Posicionar ao estudiantado en situación de vantaxe competitiva ante a súa inserción no mercado laboral.</p> <p>Impulsar a docencia práctica e as prácticas en empresas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Utilizar os datos do observatorio para implantar novas titulacións atendendo aos recursos existentes e para dotar dos recursos necesarios ás titulacións xa existentes con alta demanda. ● Ofrecer complementos de formación para unha rápida inserción no mercado laboral, incluíndo as prácticas en empresas e institucións. ● Establecer acordos con outras universidades para validación da oferta da USC para titulacións conxuntas ou desenvolvemento de estudos propios. ● Fomentar os acordos de colaboración con empresas, institucións ou outras entidades que faciliten as ensinanzas prácticas. ● Reforzar os programas de orientación profesional e inserción laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Titulacións implantadas ou modificacións realizadas en función dos resultados obtidos. □ Complementos de formación ofertados. Grao de satisfacción cos coñecementos adquiridos e competencias desenvolvidas naqueles. □ Nº de acordos con outras universidades e titulacións implantadas. □ Nº de acordos ou convenios con empresas, institucións ou outras entidades. □ Porcentaxe de estudiantado satisfeito coas prácticas realizadas. □ Porcentaxe de empresarios satisfeitos co estudiantado que realizou as prácticas nas súas empresas ou institucións. □ Programas ofertados. Porcentaxe de participación. Grao de satisfacción do estudiantado con estes. □ Porcentaxe de estudantes inseridos no mercado laboral nos dous primeiros anos tras a finalización de estudos. Correspondencia formación - posto de traballo. □ Porcentaxe de estudiantado titulado satisfeito co ensino recibido no seu primeiro ano de emprego. □ Porcentaxe de empresarios satisfeitos cos/as titulados/as empregados. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ CPTF ➤ VRCAPLE ➤ VERI ➤ Decanatos / Dirección de centros

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a oferta formativa	Axuste da oferta formativa	<p>Desenvolver accións formativas complementarias, de divulgación e de formación ao longo da vida.</p> <p>Procurar unha adaptación cada vez maior da oferta de 3º ciclo e a formación continua ás necesidades sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Definir unha oferta integrada de estudos complementarios (informática, idiomas, cursos de cuarto ciclo, cursos de verán,...). ● Asegurar a idoneidade dos programas de doutoramento e cursos de posgrao. ● Realizar un seguimento dos egresados da USC para ofrecerlles programas específicos de formación permanente. ● Potenciar a oferta de estudos de carácter profesional (masters - formación continua) dirixida a persoas xa incorporadas ao mercado de traballo e/ou a empresas. ● Desenvolver os estudos de cuarto ciclo, mantendo a integración e participación social das persoas maiores por medio da aprendizaxe universitaria e fomentando o intercambio de experiencias interxeracionais. ● Promover instrumentos para facilitar a vinculación estable coa USC das empresas e institucións usuarias de servizos de formación. ● Ofrecer aos/ás ex alumnos/as servizos de información, de actualización de coñecementos ou complementarios que favorezan a súa relación estable coa USC. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Cursos ou accións formativas ofertadas. □ Grao de satisfacción do profesorado e o estudiantado de terceiro ciclo e posgrao cos coñecementos adquiridos e as competencias desenvolvidas nestes cursos. □ Programas de formación permanente propostos. Participación neses programas e grao de satisfacción con aqueles. □ Estudos de cuarto ciclo ofertados. Grao de satisfacción do estudiantado e o profesorado destes cursos cos coñecementos e as competencias desenvolvidas neles. □ Instrumentos ou medios propostos. Efectividade daqueles. □ Servizos ofertados. Porcentaxe de participación de ex alumnos/as nestes servizos. Grao de satisfacción con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CPTF ➤ VERI

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a oferta formativa	Informe e orientación sobre a oferta formativa da USC	<p>Dar a coñecer á sociedade en xeral e aos futuros estudantes, en particular, a oferta formativa da USC.</p> <p>Deseñar novos mecanismos para a captación e selección de estudantes en coherencia cos obxectivos de calidade da USC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Impulsar a cooperación co ensino medio. ● Deseñar campañas e/ou programas de captación de estudantes galegos, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro por medio de mecanismos de contacto co ensino secundario, formulando accións de promoción institucional e fomentando a interrelación da nosa universidade co exterior. ● Establecer programas anuais de orientación para o acceso, para procurar unha maior adecuación entre a aptitude e motivación do estudante respecto dos estudos que vai cursar. ● Perfeccionar o marco de axudas e servizos de apoio ao estudo. ● Divulgar os plans de mellora da acción docente. ● Desenvolver e intensificar os convenios e intercambios con institucións universitarias. ● Ampliar a oferta de estudos con recoñecemento académico destinados a estudantes europeos. ● Promover a incorporación de estudantes estranxeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Programas e campañas realizadas para a difusión da oferta formativa da USC e a captación de estudantes. □ Existencia de procedementos para avaliar a efectividade destes programas ou campañas. Resultados obtidos. □ Avaliación da efectividade dos programas. □ Presuposto destinado a axudas de apoio ao estudo. □ Relación de medios ou canles utilizados para divulgar os plans de mellora da acción docente. □ Convenios e intercambios propostos con institucións universitarias. Efectividade destes. □ Porcentaxe de estudos con recoñecemento académico para estudantes europeos. □ Porcentaxe de estudantes estranxeiros nos estudos de pregrao e posgrao. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VERI ➤ VOAP ➤ CPTF ➤ VRCAPLE

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Coordinación da acción docente	<p>Establecer marcos de referencia para a elaboración de programas.</p> <p>Establecer mecanismos de coordinación da docencia das materias en cada titulación.</p> <p>Asegurar a idoneidade dos programas docentes das materias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Fomentar a elaboración de proxectos educativos de centro. • Crear a figura de responsable de calidade do centro. • Crear a figura de coordinador/a da titulación ou comisións de coordinación interdisciplinares, intra e interdepartamentais. • Organizar programacións compartidas entre profesorado dunha titulación para reflexionar sobre que se ensina e cando se ensina. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Incentivos para a elaboración de proxectos educativos. Nº de proxectos elaborados. Axuste entre os proxectos e a realidade dos centros. □ Nº de responsables de calidade dos centros, coordinadores/as de titulacións e/ou comisións de coordinación. Grao de satisfacción nos centros con estas coordinacións. Melloras sentidas. □ Porcentaxe de programacións compartidas elaboradas. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ Decanatos/ Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Apoio directo e individual ao estudantado	<p>Articular sistemas de apoio e atención ao estudantado.</p> <p>Reforzar os sistemas de seguimento curricular e apoio docente destinados ao estudantado.</p> <p>Atender á diversidade do estudantado.</p> <p>Facilitarlle ao estudantado o progreso na titulación.</p> <p>Evitar o absentismo nos estudos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a realización de cursos sobre técnicas de estudo dirixidos fundamentalmente a estudantes de primeiro curso. • Propiciar a integración do estudantado preuniversitario na universidade: plan de acollida. • Crear materias introdutorias de nivelación de coñecementos e cursos de habilidades curriculares básicas (p.e.: informática, inglés, comunicación, etc.) • Desenvolver programas sobre estratexias e técnicas de aprendizaxe a través de servizos en liña para que o alumnado dispoña de recursos de aprendizaxe alternativos. • Institucionalizar, dinamizar e incentivar a función titorial académica de todo o profesorado. • Proporcionar orientación, asesoría e apoio ao estudantado sobre o seu progreso na titulación, problemas e dificultades diversas: procura do primeiro traballo, saúde, etc. • Difundir e propiciar a participación no programa de apoio titorial extraordinario vixente. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Relación de cursos sobre técnicas de estudo ofertados. Índice de participación. Grao de satisfacción dos asistentes. □ Índice de participación do estudantado no programa de acollida. Grao de satisfacción con eles. □ Relación de materias ou cursos de nivelación ofertados. Índice de participación e grao de satisfacción con aqueles. □ Relación de programas sobre estratexias ou técnicas de aprendizaxe existentes na rede. Índice de consultas. Grao de satisfacción. □ Índice de participación e grado de satisfacción no programa de titorías. □ Relación dos programas de orientación e asesoramento existentes. Índice de participación e grao de satisfacción. □ Índice de participación no programa e grao de satisfacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VERI ➤ Decanatos/ Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Desenvolvemento da docencia práctica	Equilibrar adecuadamente, de acordo cos obxectivos formativos de cada titulación, a formación teórica e práctica.	<ul style="list-style-type: none"> • Incrementar a docencia práctica nos programas de estudo. • Establecer mecanismos de coordinación nas titulacións que permitan a razoable incardinación horaria da docencia práctica. • Traballar e/ou aplicar os contidos das materias que o permitan nas prácticas de campo ou en empresas. • Incremento de prácticas en empresas. • Fomentar a adecuada incardinación entre a docencia teórica e práctica. • Fomentar as prácticas que faciliten a adquisición de aprendizaxes significativas e de destrezas e competencias. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Porcentaxe de docencia práctica nos plans de estudo e grao de satisfacción con eles. □ Nº de convenios con empresas e institucións establecidos para prácticas. Índice de participación naquelas e grao de satisfacción de estudiantado, profesorado e empresarios. □ Grao de adecuación entre o desenvolvemento das prácticas en empresas e os obxectivos formativos. □ Nº de programas das materias que detallan as prácticas realizadas, os seus obxectivos e a súa incardinación cos obxectivos da materia. □ Grao de adecuación das prácticas aos obxectivos formativos das materias. Satisfacción dos estudantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ Decanatos/ Dirección de centros

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Apoiar ao profesorado na mellora docente	<p>Facilitarlle ao profesorado medios para a mellora da súa docencia.</p> <p>Orientar, coordinar e promover a formación pedagóxica inicial e permanente do profesorado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Dar soporte ao profesorado en materia didáctica e de incorporación de TIC. • Implantar accións de formación didáctica do profesorado por áreas de coñecemento. • Reforzar a formación do profesorado novel en técnicas didácticas. • Fomentar a formación permanente do profesorado. • Fomentar as estadias no exterior, períodos sabáticos para a formación ou actualización pedagóxica, programas do Instituto de Ciencias da Educación, etc. • Facilitar intercambios do profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Relación de programas ou accións de formación establecidos para o profesorado. Índice de participación e grao de satisfacción con eles. □ Relación de servizos de soporte ao profesorado en materias didácticas e de TIC. Índice de participación e grao de satisfacción. □ Relación de medidas tomadas para reforzar a formación do profesorado novel e fomentar a formación permanente. Resultados. □ Relación de medidas adoptadas para fomentar as estancias, períodos de formación ou intercambio entre profesores. Resultados. □ Porcentaxe de profesorado que realiza estadias no exterior ou aproveita períodos sabáticos de formación pedagóxica. Grao de satisfacción. Impacto da formación realizada e/ou relación con melloras nas prácticas docentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ CPTF ➤ Decanatos /Dirección de centros

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Consolidar unha estrutura eficiente de apoio á docencia	Mellora dos servizos e das infraestruturas de apoio á función docente.	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar os medios administrativos, informáticos, bibliotecarios, pedagóxicos, especialistas en técnicas docentes, laboratorios, incorporación de tecnoloxías e metodoloxías para mellorar a aprendizaxe, etc. • Mellorar a dotación de laboratorios de prácticas. • Facilitar o acceso a servizos de apoio mediante o uso das TIC. • Crear novos espazos para o estudo e a realización de actividades docentes. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Relación dos servizos de apoio á docencia establecidos na USC. □ Índice de participación e grao de satisfacción cos servizos ofertados. □ Relación de recursos de infraestrutura de apoio á docencia. Grao de satisfacción con aqueles. □ Adecuación de aulas, espazos de traballo e estudo, laboratorios, talleres e espazos experimentais, bibliotecas, etc. para o desenvolvemento do proceso formativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ CPTF

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Fomento da relación profesorado /alumnado	<p>Favorecer unha maior atención personalizada ao alumnado.</p> <p>Impulsar ou consolidar o plan de tutorías personalizadas como práctica cotiá na vida de cada facultade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión dos actuais criterios de relación profesorado-alumnado para a organización de grupos teóricos e de prácticas. • Facilitarlle aos titores instrumentos para o seguimento e a valoración do sistema de tutorías. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Ratio profesorado – alumnado en grupos teóricos e prácticos. Grao de satisfacción de profesorado e estudiantado. □ Relación de instrumentos facilitados. Índice de utilización e grao de satisfacción con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE
	Incremento da flexibilidade da aprendizaxe	<p>Facilitarlle ao estudiantado a adaptación da súa actividade discente ás súas características e necesidades.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da posibilidade de ofertar horarios alternativos de materias en función da dispoñibilidade e da situación específica dos centros. • Facilitar o axuste temporal da carga discente. • Incrementar as dispoñibles estadias discentes dos/as alumnos/as noutras universidades españolas e europeas, establecendo as oportunas validacións. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Establecemento de horarios alternativos nos centros. □ Grao de adecuación entre a carga discente e o tempo dispoñible. Taxa de eficiencia. □ Índice de mobilidade do alumnado. Existencia de normativa que recolla o recoñecemento curricular das estancias nacionais e internacionais. Relación de mecanismos empregados para fomentar a mobilidade nacional e internacional do alumnado. Grao de satisfacción con estas estancias e o seu recoñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ Decanatos/ Dirección de centros

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Docencia baseada na aprendizaxe	<p>Impulsar unha pedagogía da excelencia en obxectivos e métodos para facilitarlle ao estudiantado que alcance os seus obxectivos curriculares.</p> <p>Deseñar o ensino tendo en conta as competencias, xunto cos contidos, na definición dos obxectivos formativos e no deseño dos programas formativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a docencia personalizada e centrada en aprendizaxes significativas e autónomas para o estudiantado, así como na súa proxección profesional mediante o desenvolvemento de destrezas, habilidades e valores para a súa vida persoal e profesional. • Establecer métodos de ensino-aprendizaxe con participación máis activa do alumnado. • Mellorar os sistemas de avaliación do estudiantado, indo cara a avaliación continua multicriterio. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Grao de adecuación da metodoloxía de ensino co desenvolvemento de aprendizaxes significativas e competencias académico-profesionais. □ Relación de métodos de ensino. Grao de satisfacción do alumnado coa metodoloxía de ensino empregada. □ Relación dos sistemas de avaliación de estudantes. Grao de coherencia entre metodoloxía de ensino e sistemas de avaliación empregados. Grao de satisfacción do profesorado e o estudiantado cos sistemas de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VRCAPLE ➤ Decanatos/ Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellorar a acción docente	Mellorar os sistemas de avaliación e desenvolvemento da calidade docente	Reestruturar o sistema de avaliación da docencia, buscando unha maior implicación do profesorado e unidades.	<ul style="list-style-type: none"> • Implantar procedementos de avaliación colectiva dos procesos de docencia por áreas, departamentos e centros. • Promover programas de seguimento da avaliación do profesorado xestionados polos departamentos e asociándoos a incentivos, establecidos nos seus plans estratéxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Procedementos de avaliación colectiva da docencia implantados. Índice de participación e implicación naqueles. Grao de satisfacción. Resultados obtidos. □ Acordos establecidos. Programas adoptados para o seu seguimento. Incentivos propostos e presuposto destinado a este fin. Resultados obtidos e grao de satisfacción. □ Relación das modificacións efectuadas na avaliación individual. Resultados e grao de satisfacción obtidos. Incentivos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ Decanatos/ Direccións de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Fomentar a innovación docente	Estimular a reflexión didáctica e a innovación metodolóxica no profesorado destinada á mellora da docencia	<p>Apoio á actualización e renovación metodolóxica.</p> <p>Promover a elaboración de material didáctico.</p> <p>Asegurar a calidade dos medios técnicos e os procesos de traballo.</p> <p>Fomentar o uso de instrumentos e métodos de avaliación alternativos ao exame.</p> <p>Axilizar a posta en marcha de proxectos de innovación docente.</p> <p>Potenciar a creación de novos grupos de innovación e consolidar os existentes.</p> <p>Impulsar a incorporación e bo uso das TIC na docencia e nas prácticas educativas.</p> <p>Proporcionar apoio técnico á docencia en situacións que requiran o uso de instrumentación ou instalacións complexas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Fomentar a participación nos programas para incentivar proxectos de innovación educativa. ● Crear servizos de apoio e asesoramento en planificación e programación educativa, avaliación do estudiantado e novas tecnoloxías aplicadas ao ensino e á aprendizaxe. ● Proporcionar axudas económicas a proxectos de innovación docente: convocatorias anuais de innovación docente. ● Organizar xornadas anuais de innovación docente por áreas de coñecemento. ● Promover e facilitar a elaboración de materiais, prácticos mediante simulación, programas de autoaprendizaxe, novas formas de organización renovadoras do traballo escolar ou o deseño e posta en práctica dunha nova estratexia didáctica. ● Xornadas anuais de contidos docentes TIC por áreas de coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Relación de medidas propostas para fomentar a participación en proxectos de innovación educativa. Resultados obtidos. □ Relación de servizos existentes. Índice de participación e impacto. Grao de satisfacción con eles. □ Relación de innovacións postas en marcha. Grao de interdisciplinidade daquelas. Presuposto destinado a innovacións docentes. □ Relación de xornadas de innovación docente convocadas pola USC. Índice de participación e de impacto. Grao de satisfacción. □ Relación de medidas propostas para promover e facilitar a elaboración de materiais, simulación de prácticas, programas de autoaprendizaxe, etc. Índice de impacto. Grao de satisfacción. Resultados obtidos. □ Relación de xornadas de contidos docentes TIC convocadas pola USC. Índice de participación e de impacto. Grao de satisfacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ CPTF ➤ Decanatos/ Dirección de centros ➤ Departamentos

DOCENCIA

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Fomentar a innovación docente	Difundir experiencias contrastadas na aula	<p>Difundir as innovacións e/ou os exemplos de “boas prácticas”.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Dar a coñecer á comunidade universitaria e á sociedade os resultados das innovacións emprendidas. ● Uso da rede con fins docentes e de información. ● Fomentar o intercambio de experiencias formativas entre universidades do ámbito nacional e internacional. ● Dar a coñecer á comunidade universitaria e á sociedade a programación docente detallada. 	<ul style="list-style-type: none"> □ “Boas prácticas” identificadas e divulgadas. Relación dos medios empregados para a súa difusión. Índice de impacto. □ Relación dos medios de difusión e información utilizados para o intercambio de experiencias formativas. Nº de experiencias. Índice de impacto ou melloras obtidas. □ Porcentaxe de materias con planificación teórica e práctica dispoñible na web. Nº de visitas á web. Grao de satisfacción coa información dispoñible neste soporte. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VOAP ➤ CPTF ➤ Departamentos

INVESTIGACIÓN

A MELLORA DA INVESTIGACIÓN

A investigación e a formación de investigadores son funcións esenciais da Universidade. A investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento, é un dereito e un deber do profesorado universitario. En consecuencia, a Universidade debe facilitar a labor investigadora e a transferencia dos seus logros ao conxunto da sociedade.

A existencia de grupos de investigación punteiros, en todas as grandes áreas de coñecemento, sitúa á USC nunha posición de privilexio para seguir mellorando a calidade e a competitividade en I+D+I. Por iso é necesario fomentar a formación e promoción dos investigadores, a consecución de novos recursos humanos e materiais e mellorar a coordinación dos existentes, corrixindo os desequilibrios entre campus e áreas.

A misión da Universidade debe ser, por unha banda, fortalecer a investigación básica como elemento fundamental para contribuír solidariamente á xeración de coñecemento, base de todo desenvolvemento a longo prazo, e por outra banda, crear un clima favorable para que as empresas se incorporen plenamente á cultura da innovación tecnolóxica co fin de incrementar a súa competitividade.

É imprescindible rendibilizar no sector produtivo o esforzo que se realiza na investigación aplicada. Todo iso, obviamente, sen esquecer a importancia capital da investigación básica, que é fonte inesgotable dese coñecemento que se pretende rendibilizar.

Os obxectivos que se deberían alcanzar responden a criterios de pertinencia, calidade e internacionalización nos que a UNESCO basea as respostas da Universidade ante un mundo en profunda transformación, tal e como se recolle no seu documento de política para o cambio e desenvolvemento na educación superior, publicado en 1995.

O contexto que define ese documento está cambiando a visión institucional do papel que a investigación debe xogar na Universidade actual, pero especialmente, os criterios e pautas da súa xestión. De maneira esquemática a función investigadora na Universidade actual debe asumir un dobre papel actuando como:

- Factor de crecemento:
 - Captación de recursos.
 - Mantemento e modernización de equipamentos.
 - Estabilización e renovación de persoal...
- Factor de competencia institucional:
 - Posicionamento no mapa nacional e internacional.
 - Proxección social e económica.
 - Articulación docencia-investigación-sociedade...

Neste contexto, a investigación debe ser xestionada como recurso competitivo e, polo tanto, debería considerar o desenvolvemento de capacidades e recursos desde unha dobre perspectiva:

- Por unha banda, debe garantir o desenvolvemento de grupos e áreas de investigación que, con criterios de produtividade científica e coñecemento a longo prazo, manteñan a indispensable diversidade académica inherente a unha institución universitaria completa como a USC.
- Por outra, debe asegurar o desenvolvemento e consolidación de áreas de produción científico-tecnolóxicas que, baixo criterios de rendibilidade social e económica, sexan capaces de mostrarse científicamente competitivas, tanto no ámbito de captación continuada de recursos públicos diversificados -convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais- como na interacción cos axentes sociais e económicos.

Polo tanto, actualmente a xestión institucional da investigación implica garantir a rendibilidade académica, social e, particularmente económica da actividade investigadora, permitindo o seu desenvolvemento harmónico, ao tempo que a súa proxección sobre os servizos prestados a alumnos/as (prácticas, formación investigadora, xestión da innovación...) e egresados (políticas activas de emprego) como principais activos da institución universitaria.

DESCRIPCIÓN DO PLAN

O plan para a mellora da calidade da USC no seu apartado de investigación desenvólvese a través de 4 eixes principais:

Eixe 1: Estender a cultura da calidade e da mellora continua.

Desenvolvendo de forma consensuada criterios e instrumentos de mellora da calidade e competitividade na investigación, que respondan:

- a. A unha visión da Universidade como xeradora de coñecemento novo e de produción científica de calidade.
- b. Ao necesario desenvolvemento harmónico da USC como universidade completa e bicampus.
- c. Ao necesario equilibrio e permeabilidade entre docencia e investigación e, respecto desta, un desenvolvemento equilibrado e complementario da investigación estratéxica, a investigación aplicada e os servizos tecnolóxicos.
- d. A necesidade de dotar á USC de criterios cuantitativos e cualitativos para a medida e validación da produtividade científica e a calidade en I+D das diferentes unidades.
- e. A necesidade de que esta produción acade a maior repercusión internacional posible.

Eixe 2: Promover a proxección socioeconómica da actividade investigadora da USC.

- a. Incentivando a necesaria converxencia coas políticas de innovación e a pertinencia en investigación.
- b. Facilitando o desenvolvemento de espazos de encontro con axentes económicos e sociais que dinamicen as relacións universidade-sociedade e faciliten a súa implicación cos obxectivos da investigación da Universidade.
- c. Propiciando a rendibilidade económica e social da actividade investigadora e así permitir o seu desenvolvemento harmónico.
- d. Consolidando no entorno investigador as iniciativas que, dotadas dos mecanismos e estruturas adecuadas, posibiliten a materialización desde a universidade de iniciativas empresariais con base nas actividades de I+D propias.

Eixe 3 : Garantir o desenvolvemento da investigación a partires da consolidación equilibrada de unidades organizativas e grupos de investigación capaces de manter unha proxección competitiva.

- a. Optimizando o marco estrutural e organizativo que demanda a actividade investigadora nas condicións actuais.
- b. Propiciando a dotación de persoal necesario para o seu desenvolvemento.

Eixe 4: Potenciar as infraestruturas e servizos e mellorar a xestión de apoio á I+D.

Como vía institucional para contribuír ao desenvolvemento dunha actividade investigadora de calidade, mais tamén como estratexia solvente e sostible para a consecución e dispoñibilidade de infraestruturas e servizos de calidade e competitivos.

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e da mellora continua	Calidade e excelencia	<p>Favorecer o desenvolvemento dunha investigación de calidade na USC nos ámbitos que abranguen as áreas de coñecemento existentes na USC, garantindo o desenvolvemento harmónico dos seus campus.</p> <p>Promover a investigación de excelencia, favorecendo a consolidación dos grupos e unidades que a desenvolven.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver un sistema de indicadores para a avaliación idónea e adaptada a cada grande área. • Potenciar a investigación interdisciplinar entre as grandes áreas da USC. • Favorecer a articulación de redes cooperativas de investigación que favorezan a interdisciplinariedade e complementariedade entre grupos consolidados así como a integración de grupos emerxentes. • Potenciar a I+D en áreas deficitarias e o desenvolvemento de condicións obxectivas para a súa optimización. • Favorecer o desenvolvemento harmónico dos distintos campus a partires da potenciación das súas especificidades. • Favorecer o acceso e participación do campus de Lugo na toma de decisións en áreas con maior masa crítica no campus de Santiago. • Desenvolver políticas de persoal e infraestruturas de apoio asociadas aos grupos e unidades de excelencia. • Incentivar a excelencia na produción científica por medio dos baremos e incentivos promovidos pola USC. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Sistema elaborado. ❑ N° de proxectos e actividades interdisciplinares. ❑ N° de redes establecidas. ❑ N° de novos proxectos en convocatorias públicas en áreas deficitarias. ❑ Programas de apoio a áreas deficitarias. ❑ Programas de apoio á participación intercampus. ❑ N° de grupos con indicadores de excelencia. ❑ N° de accións de apoio e incentivos apropiados a grupos de excelencia. ❑ N° de grupos con indicadores de excelencia. 	➤ VII

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e da mellora continua	Información para a calidade	Dispoñer e facilitar información á comunidade universitaria sobre a investigación.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar e manter un Sistema de Información que permita visualizar a situación da investigación na USC. • Divulgar de xeito sistemático os resultados dos criterios e indicadores da calidade investigadora no interior da comunidade universitaria. • Informar á sociedade da evolución da calidade investigadora da USC. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Informes sobre a calidade investigadora da USC. Periodicidade destes. ❑ Relación das canles de comunicación empregadas para facer accesible e pública a información relativa á calidade investigadora da USC. ❑ Relación dos medios de comunicación empregados para difundir publicamente os compromisos e as actuacións dos responsables da calidade investigadora da USC. ❑ Sistemas de medición da efectividade da comunicación interna e externa da calidade investigadora da USC. Resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VRCAPLE ➤ VII

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e da mellora continua	Equilibrio investigación básica - investigación aplicada	<p>Asegurar o desenvolvemento equilibrado da investigación básica como base da xeración de novo coñecemento e soporte da capacidade innovadora da USC, e a investigación aplicada como vía para a súa valorización e proxección social e económica.</p> <p>Promover, cando proceda, nos grupos de investigación un equilibrio entre as súas actividades en investigación estratéxica, básica, aplicada e prestación de servizos, favorecendo a diversificación na súa capacidade de autofinanciamento, así como nas súas potencialidades científicas e tecnolóxicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Promover a integración de obxectivos científico-tecnolóxicos, incentivando a complementariedade entre grupos que desenvolven investigación básica e aplicada, como algo natural e intrínseco na investigación da USC. ● Incentivar, onde proceda, o equilibrio entre produción científica e servizos de I+D nos grupos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Financiamento obtido por grupos de investigación básica. ❑ Indicadores de produción científica en grupos de investigación básica. ❑ Relación entre o nº/importe de proxectos competitivos <i>versus</i> nº/importe de contratos de I+D. ❑ Nº de grupos de investigación activos con proxectos e contratos. ❑ Nº de grupos activos en proxectos <i>versus</i> nº de grupos activos en contratos. ❑ Nº de proxectos con participación de grupos de investigación básica e aplicada. 	➤ VII

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e da mellora continua	Integración docencia / investigación	Garantir o desenvolvemento equilibrado das dúas funcións básicas da USC, docencia e investigación.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración do plan de traballo anual para o profesorado. • Incorporar nos Plans Estratéxicos dos departamentos / institutos acordos de interese mutuo co obxectivo de: <ul style="list-style-type: none"> - Aproveitar a potencialidade da investigación no desenvolvemento e mellora da docencia. - Integración equilibrada das actividades de investigación nos programas de doutoramento e posgrao. - Promover a realización de talleres e seminarios vinculados a proxectos e liñas estables de I+D como actividades docentes regradas. - Promover a realización de programas de prácticas vinculados a axentes sociais e económicos con relacións en I+D. - Facilitar a incorporación de investigadores á docencia. - Incorporar estudantes aos grupos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Posta en marcha do plan de traballo. ❑ Nº de departamentos con plans establecidos. ❑ Nº de actividades docencia / investigación (talleres, seminarios, prácticas...) materializadas. ❑ Nº de programas de doutoramento de calidade. ❑ Nº de programas de posgrao con proxección e vinculación con proxectos e liñas de I+D. ❑ Nº de investigadores con presenza no POD. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VOAP ➤ VII
		Favorecer a repercusión da actividade investigadora na actividade docente.			
		Fomentar a relación do estudiantado coa investigación.			

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Proxección socioeconómica da I+D	Converxencia da investigación cos obxectivos e prioridades sociais e económicas	<p>Incrementar e consolidar liñas e actividades de investigación converxentes cos obxectivos e prioridades sociais e económicas, asumindo o compromiso co desenvolvemento autónomo que establece o Plan Estratégico da USC.</p> <p>Impulsar a participación dos grupos da USC nos programas de I+D autónomos, nacionais e europeos, a partires da súa converxencia coas prioridades científica e tecnolóxicas establecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Incentivar a participación dos grupos da USC en programas sectoriais. ● Incentivar a actividade de I+D en cooperación con axentes sociais e económicos. ● Incrementar a presenza da USC e, cando fose posible, o seu liderado nos programas internacionais de I+D. ● Incrementar o número de actuacións de carácter internacional que se realicen na USC, en colaboración con centros de I+D internacionais. 	<ul style="list-style-type: none"> □ N° de grupos implicados nestas actividades. □ N° de proxectos presentados en convocatorias sectoriais. □ Importe medio de contratos con empresas. □ N° de proxectos financiados por axencias nacionais e internacionais dividido por nº de profesorado a tempo completo. □ Ingresos anuais en proxectos ou traballos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. □ N° de colaboracións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VII ➤ Institutos ➤ Departamentos ➤ Grupos

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Proxección socioeconómica da I+D	Desenvolvemento de espazos de encontro con axentes económicos e sociais	<p>Favorecer a integración e complementariedade de obxectivos en investigación entre a USC e axentes económicos e sociais.</p> <p>Consolidar no entorno investigador as iniciativas que possibiliten a materialización desde a universidade de iniciativas empresariais con base nas actividades de I+D propias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Impulsar alianzas estratéxicas con axentes económicos e sociais que favorezan a continuidade e estabilidade nas actuacións de I+D. ● Desenvolver espazos de encontro con axentes económicos e sociais. ● Desenvolver políticas activas para a promoción de iniciativas empresariais. ● Constituír unha Unidade de Prospección Estratéxica da Investigación que detecte as potencialidades internas, as liñas de traballo con posibilidades de desenvolvemento no futuro e os grupos emerxentes na Universidade. 	<ul style="list-style-type: none"> □ N° de contratos con empresas □ N° de empresas con máis dun contrato. □ N° de empresas creadas. □ N° de empresas instaladas no contorno do campus. □ N° de convenios e alianzas formalizadas con empresas. □ Creación da unidade. 	➤ VII

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Proxección competitiva da investigación	Optimización das estruturas e organización da investigación	<p>Potenciar o establecemento e consolidación de unidades organizativas (departamentos, institutos e centros propios) capaces de abordar obxectivos competitivos e posibilitar a súa estabilidade e consolidación.</p> <p>Incrementar o potencial dos grupos de investigación, identificar aqueles consolidados e cun perfil ben definido e apoiar os que están emerxendo ou en fase de consolidación.</p> <p>Garantir a operatividade dos grupos máis competitivos favorecendo a súa consolidación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Establecer nos plans estratéxicos de departamentos / institutos acordos de interese mutuo para materializar os obxectivos aquí considerados. ● Elaborar un catálogo vivo de grupos de investigación que proporcione unha imaxe fidedigna e continuamente actualizada do historial, capacidades e potencial dos grupos, tendo en conta as peculiaridades e características de cada área. ● Definir un modelo de organización que permita unha política de apoio aos grupos de investigación relativa a financiamento, espazos, persoal, participación en redes..., coordinada con departamentos, centros e institutos de investigación. ● Apoiar a creación de redes de investigación capaces de dar resposta á demanda de I+D+I formulada polos distintos axentes socioeconómicos galegos, e doutros ámbitos de interese estratéxico. ● Fomentar a integración de grupos e redes da USC en redes de investigación nacionais e internacionais. ● Favorecer a creación de unidades cooperativas que pola vía da interdisciplinaridade, complementariedade e a interacción de grupos, poidan asumir grandes proxectos ou, incluso, cerrar ciclos tecnolóxicos. ● Promover que a asignación de prazas de PDI ás diferentes áreas de coñecemento teña en conta as potencialidades e necesidades investigadoras destas. 	<ul style="list-style-type: none"> □ N° de departamentos con plan. Deberán ser os contratos programa os que definan os indicadores en cada caso. □ Catálogo elaborado. □ Modelo definido. □ N° de redes e n° de grupos por rede. □ N° de unidades creadas. □ N° de prazas de PDI asignadas con arranxo ás capacidades investigadoras das áreas de coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VII ➤ VRCAPLE ➤ Institutos e departamentos

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Proxección competitiva da investigación	Definición da carreira investigadora na USC	<p>Promover o desenvolvemento dun cadro de persoal de apoio á investigación que favoreza a consolidación e competitividade das estruturas e unidades organizativas de investigación, ao tempo que se definen os procesos idóneos para o desenvolvemento dunha carreira investigadora dende a fase de formación ata a súa potencial vinculación estable aos departamentos e institutos de investigación na USC.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Definir o status dos investigadores que se vinculan á USC a través dos distintos programas de formación pre e posdoutoral, favorecendo a súa integración nos ámbitos investigadores e docentes. • Definir mecanismos para a dotación de persoal investigador estable, de formación e de apoio, aos efectos de posibilitar a consolidación de estruturas de investigación estables. • Promover fórmulas xurídicas para a consolidación de persoal contratado por proxectos ou con cargo a créditos dos departamentos/institutos. • Redefinir a relación entre PDI e PAS no que atinxe a prazas asociadas a I+D en todas as áreas. • Favorecer o traballo na USC de investigadores de outras institucións por medio de acordos de colaboración recíprocos. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Implantación dos criterios e procedementos para a materialización da cadro de persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VII ➤ Xerencia

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Potenciar as infraestruturas e servizos e mellorar a xestión de apoio á I+D	Infraestruturas e servizos de apoio	<p>Reforzar o papel da BUSC, do Arquivo Universitario e do Museo Luís Iglesias, implicados na transmisión da información e cultura a sociedade.</p> <p>Reforzar o papel da RIAIDT para que poida incrementar o seu potencial e satisfacer as necesidades de acceso a grandes equipamentos dos investigadores da USC.</p> <p>Mellorar o nivel da calidade da investigación desenvolvida en función da idoneidade dos espazos dispoñibles para este propósito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Executar as accións de mellora definidas na avaliación da BUSC. ● Someter á avaliación institucional o Arquivo Universitario. ● Establecer un Plan Director do Museo Luís Iglesias. ● Promover a certificación/acreditación da RIAIDT. ● Adecuar os laboratorios actualmente en uso e crear e dotar novos espazos. ● Definir un sistema de xestión de espazos que permita racionalizar, flexibilizar e optimizar a atribución dos espazos de investigación aos distintos axentes investigadores. ● Establecer medidas de apoio á certificación/acreditación de laboratorios. ● Impulsar medidas de prevención de riscos nos laboratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Accións executadas. □ Avaliacións rematadas. □ Plan elaborado. □ Nº de laboratorios adecuados ou novos. □ Sistema de xestión de espazos establecidos. □ Certificacións/acreditacións rematadas. □ Medidas de prevención implantadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VII ➤ VRCAPLE ➤ Xerencia

INVESTIGACIÓN

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Potenciar as infraestruturas e servizos e mellorar a xestión de apoio á I+D	Mellora da xestión	<p>Implementar sistemas de xestión orzamentaria na investigación que permitan presupostar adecuadamente os custos da actividade investigadora, contribuíndo con isto a unha política de ingresos e gastos favorable á USC.</p> <p>Revisar os procedementos de xestión da investigación na USC avanzando cara á súa certificación cunha norma ISO.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Implementar sistemas de xestión orzamentaria que permitan o establecemento dos custos reais da investigación, así como fixar prezos e tarifas nos servizos ou tecnoloxías. ● Xestionar as áreas e actividades de investigación competitivas, co obxectivo engadido de xerar beneficios para o desenvolvemento harmónico e sostible da función investigadora xeneral da USC. ● Consolidar o cofinanciamento de accións e recursos por parte dos grupos, institutos, departamentos e centros propios de investigación, como forma de desenvolvemento sostible da acción investigadora. ● Norma ISO 9000 para a xestión da investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Sistema implantado. □ Norma establecida. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ VII ➤ VRCAPLE ➤ Xerencia

SERVIZOS

A MELLORA DOS SERVIZOS

A USC vén realizando unha aposta decidida pola prestación de servizos de calidade. Este impulso cara á calidade supón, en esencia, incorporar unha estratexia de acción que invite a participar a todos os membros da comunidade universitaria, e que abrangue todos os procesos e actividades, co compromiso de servizo público e co obxectivo de satisfacer as demandas da sociedade. Trátase, pois, de elaborar un Plan de Calidade que abarque os apartados de docencia, investigación e xestión ou servizos que, aínda que intimamente relacionados, se tratarán individualmente para que a súa descrición poida ser máis fácil.

No marco dos servizos preténdese lograr unha xestión eficaz orientada a dar soporte a estudantes, docentes e investigadores, e tamén PAS, no desenvolvemento da súa tarefa. Esta preocupación pola mellora continua da xestión non debe obedecer única e exclusivamente a unha formulación de profesionalidade e responsabilidade individual, debe figurar dentro dos obxectivos comúns e compartidos pola comunidade universitaria. A USC ten que mellorar a prestación de servizos de apoio directo á docencia e á investigación, elemento decisivo para contribuír a incrementar a súa calidade pola incidencia dos sistemas de apoio no resultado final; é necesario redefinir o modelo actual envorcado nos aspectos vinculados á asistencia aos órganos de goberno e con escasa ou nula cobertura do apoio directo á docencia e á investigación.

A aplicación do plan deberíanos levar a servizos que teñan en conta a realidade bicampus da USC, orientados ao usuario, accesibles, transparentes, modernos e con capacidade de innovación, efectivos e eficientes, comprometidos coa calidade e coa mellora continua.

Para impulsar o compromiso de mellora do conxunto de servizos da comunidade universitaria o plan, no seu apartado de servizos, establece uns eixes fundamentais a partir dos cales deberán despregarse os proxectos e accións previstas:

DESCRIPCIÓN DO PLAN

Eixe 1: Estender a cultura da calidade e da mellora continua.

Divulgación da política da calidade a través de iniciativas que impliquen a toda a comunidade universitaria e a fagan partícipe doutras experiencias.

Eixe 2: Mellora organizativa.

Neste eixe intégranse todas aquelas accións que é necesario emprender para adaptar a organización ás novas necesidades e que xiran arredor de tres grandes proxectos, a través dos cales preténdese incluír a cultura do servizo como elemento central do deseño organizativo:

- Reforma da estrutura de postos para incluír novos perfís e valores profesionais vinculados ás novas esixencias ás que responderá a universidade, o que require tamén unha modificación dos sistemas de selección e provisión.
- Definición dun modelo de carreira profesional que teña en conta a necesidade de cubrir novas funcións e a valoración do desempeño.
- Mellora da accesibilidade dos servizos definindo a súa oferta en función das necesidades da USC, e flexibilizando a súa prestación para chegar ao maior número de usuarios.

Eixe 3: Mellora da eficacia e eficiencia da xestión: xestión orientada aos resultados.

A USC debe mellorar continuamente o deseño e a xestión dos seus procesos, desenvolvendo servizos acordes coas necesidades e expectativas da sociedade. Este eixe recolle as accións referidas á implantación e aseguramento da eficacia e a eficiencia como piares básicos da xestión, centrándoo en dúas direccións:

- Desenvolvemento e implantación de sistemas de acreditación ou certificación.
- Introducción da mellora de resultados valorando obxectivos propostos e resultados obtidos e introducindo as medidas correctoras oportunas.

SERVIZOS

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Estender a cultura da calidade e da mellora continua	Participación na mellora	Impulsar a cultura da calidade a través da súa extensión, difusión e promoción a toda a comunidade universitaria.	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a identificación das boas prácticas e impulsar a súa aplicación en todos os ámbitos. • Impulsar a difusión das boas prácticas da USC no ámbito universitario intercambiando experiencias con outras universidades, e tamén noutros ámbitos concorrendo a premios convocados por outras organizacións. • Fomentar estratexias de colaboracións con outras administracións públicas e empresas privadas. • Establecer o circuito de recepción e execución das suxestións identificadas. • Diseñar ferramentas de promoción tales como premios, mencións, etc. • Fomentar a participación en foros, encontros... que aborden temas de calidade. • Establecer alianzas con outras universidades e empresas para artellar iniciativas destinadas á difusión da calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Boas prácticas identificadas. ❑ Accións de benchmarking executadas. ❑ Suxestións recibidas. ❑ Suxestións postas en marcha. ❑ Premios creados. ❑ Premios recibidos. ❑ Foros, congresos, encontros relativos a temas de calidade nos que participou a USC. ❑ Premios deseñados. ❑ Premios e mencións acadadas. ❑ Acordos asinados. 	<p>Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos</p>

SERVIZOS

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellora organizativa	Reforma da estrutura de postos	Flexibilizar e profesionalizar as estruturas a través dos instrumentos de xestión de recursos humanos, implantando un novo modelo orientado a favorecer os mellores resultados en todas as áreas.	<ul style="list-style-type: none"> ● Elaborar o inventario de competencias necesarias para o desempeño dos postos de traballo. ● Introducir novas ferramentas de selección que incidan nas habilidades e competencias requiridas para o desempeño. ● Modificar os baremos para introducir a valoración das competencias requiridas para o desempeño dos postos. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Postos analizados. ❑ Porcentaxe de postos de traballo coas habilidades, funcións e coñecementos definidos. ❑ Catálogo elaborado. ❑ Procesos implantados. ❑ Baremo publicado e elaborado introducindo as competencias. 	Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos
	Fixar mecanismos para o desenvolvemento da carreira profesional e a súa avaliación	Integrar a función organizativa e de desenvolvemento das persoas.	<ul style="list-style-type: none"> ● Facer un estudo da potencialidade do cadro de persoal. ● Continuar coa definición de novos perfís profesionais que, respondendo ás necesidades da USC, aproveiten a potencialidade do PAS. ● Establecer mecanismos de promoción que faciliten o paso da área laboral á funcionarial e viceversa. ● Introducir a valoración do desempeño como un elemento da carreira profesional. ● Mellorar os plans de formación adaptándoos ás necesidades dos postos. 	<ul style="list-style-type: none"> ❑ Estudo realizado. ❑ Perfís definidos. ❑ Sistemas de promoción deseñados e implantados. ❑ Porcentaxe de desenvolvemento do plan de formación. 	Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos

SERVIZOS

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellora organizativa	Incrementar a accesibilidade dos servizos e unidades	Asegurar que as prestacións dos servizos son satisfactorias para a comunidade universitaria e a sociedade en xeral.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar o “catálogo” de servizos de cada unidade e difundir as súas competencias entre a comunidade universitaria. • Elaborar plans de traballo internos nos que se inclúan accións concretas de mellora dos servizos ofertados. • Elaborar un catálogo de indicadores de actividade. • Impulsar a creación e mantemento de páxinas web que permitan a realización dos trámites administrativos máis habituais e a solicitude de información vía Internet. • Difundir os resultados da xestión dos servizos ou unidades administrativas. • Mellorar a atención que prestan as unidades de primeira atención (conserxerías...) determinando perfís de información e designando aos responsables da súa elaboración e mantemento. • Descentralizar a prestación de servizos acercándoos aos usuarios. • Medir a satisfacción dos usuarios tanto internos como externos. • Elaborar plans de seguimento das empresas externas que prestan servizo á USC (limpeza, reprografía, vixilancia, hostalaría...) que permitan coñecer o grao de cumprimento da prestación e o nivel de satisfacción dos usuarios. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Porcentaxe de clientes satisfeitos co servizo ou unidade administrativa. □ Catálogos de servizos elaborados. □ Plans de traballo elaborados. □ Servizos ofertados vía web. □ Utilidade dos servizos ofertados na web. □ Porcentaxe de trámites executados vía web. □ Accións de difusión de resultados. □ Prestacións descentralizadas. □ Estudos de satisfacción elaborados. □ Plans de seguimento desenvolvidos. 	Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos

SERVIZOS

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellora da eficacia e eficiencia: xestión orientada a resultados	Desenvolver un sistema de acreditación ou certificación de servizos	Asegurar a eficacia e eficiencia da xestión administrativa introducindo criterios de calidade e mellora continua.	<ul style="list-style-type: none"> ● Establecer os sistemas de acreditación internos que non comporten o cumprimento de todos os requirimento da norma ISO, pero que a utilicen como referente para establecer distintos niveis de calidade: <ul style="list-style-type: none"> ❖ Nivel 1. Certificación: cumpre todos os requisitos da norma ISO. ❖ Nivel 2. Normalización: elaboración de manuais de procedemento sen afrontar máis requisitos da norma. ❖ Nivel 3. Instrucións técnicas: documentación de procedementos concretos de uso múltiple na forma esixida na norma. ❖ Nivel 4. Mellora: fomento do uso de técnicas de xestión da calidade para establecer áreas de mellora nos procesos elixidos. ● Identificar os procesos claves e as áreas de mellora, determinando entre outros: <ul style="list-style-type: none"> ❖ Secuencias clave. ❖ Elaboración do cronograma. ❖ Matriz de responsabilidades. ❖ Asignación de "responsables de procesos". ● Redeseñar os procesos existentes incidindo nos aspectos de coordinación e simplificación administrativa. ● Impulsar os procesos de autoavaliación para a mellora da xestión tomando como punto de partida o sistema de acreditación ou certificación. 	<ul style="list-style-type: none"> □ Servizos/unidades acreditadas/certificadas. □ Procesos identificados e definidos con asignación de responsable e actividades/instrucións básicas de traballo. □ Porcentaxe de procesos clave con actividades/instrucións de traballo definidas. □ Porcentaxe de procesos redeseñados. □ Porcentaxe de indicadores monitorizados dos diferentes procesos clave do servizo. 	Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos

SERVIZOS

Eixe	Proxecto	Obxectivo	Actuación	Indicadores	Responsables
Mellora da eficacia e eficiencia : xestión orientada a resultados	Implicar a todos os servizos na mellora da xestión establecendo os compromisos das persoas coa institución, dando a coñecer e valorando a achega individual e colectiva	Introducir a mellora de resultados como un elemento central na cultura dos servizos da USC, impulsando así a mellora continua e poñéndoa en relación co compromiso individual e colectivo.	<ul style="list-style-type: none"> ● Fomentar a elaboración de cartas de servizos como instrumento que fai explícito o compromiso da unidade para aproximar a prestación de servizos ao usuario e ao mesmo tempo promover a mellora continua. ● Impulsar estratexias de xestión, establecendo os obxectivos anuais aos que se vinculará o presuposto do servizo ou unidade, consensuándoos e asumindo a responsabilidade da súa consecución. ● Establecer un sistema de avaliación dos resultados acadados pola unidade e polos traballadores individuais. ● Establecer sistemas de incentivos segundo os resultados acadados. ● Establecer un sistema de indicadores con soporte informático que facilite a xestión dos recursos conectando obxectivos e resultados a fin de planificar futuras actividades. ● Elaborar plans de mellora vinculados á avaliación de resultados. ● Fomentar a creación de grupos de mellora. ● Incluír nas accións de análise e mellora os servizos prestados por empresas externas (limpeza, hostalaría, reprografía, vixilancia...) 	<ul style="list-style-type: none"> □ Cartas de servizo elaboradas. □ Porcentaxe de indicadores monitorizados dos obxectivos do servizo e dos seus resultados. □ Porcentaxe de resultados nos indicadores dos procesos clave. □ Sistemas de administración implantados. □ Plans de mellora elaborados. □ Grupos de mellora creados. □ Porcentaxe de satisfacción dos usuarios. 	Xerencia VRCAPLE Servizo de Planificación e Programación de PAS Todos os servizos

COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

A coordinación do plan correrá a cargo da Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo.

O plan é un documento vivo que deberá evolucionar ao longo do tempo a medida que se vaian cumprindo os proxectos establecidos e incorporando outros novos para responder ás demandas da USC. Por isto son esenciais a avaliación e o seguimento deste, que serán encomendadas á Comisión de Calidade e Planificación Estratéxica do Consello de Goberno.

ABREVIATURAS USADAS

VRCAPLE: Vicerreitoría de Calidade e Planificación Estratéxica.

VOAP: Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

CPTF: Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

VERI: Vicerreitoría de Terceiro Ciclo e Extensión Docente.

TIC: Tecnoloxías da Información e das Comunicacións.

ECTS: European Credit Transfer System.

VII: Vicerreitoría de Investigación e Innovación Docente.

BUSC: Biblioteca Universitaria da USC.

RIAIDT: Rede de Infraestuturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico.

PAS: Persoal de Administración e Servizos.